

a *Movida*
go

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - OUTUBRO - 2024

LÉVAME!
VOU CONTIGO

**OS
TEMPLOS
DA
SÉTIMA
ARTE**



FIESTA 30

CUMPLE ~
AÑOS
DE CAMELIAS CC




18 de octubre por la tarde

PROGRAMA

- ▶ Tarta de cumpleaños para tod@s
- ▶ Exposición de fotos
- ▶ Proyecciones
- ▶ Música en directo
- ▶ Sorteos
- ▶ Torneos
- ▶ Recreativos vintage
- ▶ Y muchas más sorpresas





+INFO EN WWW.CAMELIASCC.COM




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓN

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



PÁX. 7
XOIERÍA SEN
FRONTEIRAS



PÁX. 8
GALICIA,
PUNTO VEGANO



PÁX. 13
COCIÑA SIRIO-LIBANESA
NO CENTRO DA CIDADE



PÁX. 9
OS TEMPLOS DA SÉTIMA ARTE

- 5 VIGO, CIDADE DE COR:**
ANA LANGEHELDT
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 PLACERES CASTELLANOS**
- 11 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 14 ESPECTÁCULOS**
- 15 DELEITE LITERARIO**
- 16 IMPERDIBLES**
- 17 AXENDA A MOVIDIÑA**
- 18 OUTRAS MOVIDAS**
- 20 AS TÚAS MOVIDAS**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](tel:644372923)

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: amovida.gal/subscripcion-revista

MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movidá** → Volume 7 (8), outubro de 2024 [60]

Edición: Tamara Novoa → **Redacción:** Paula Cermeño, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Juan Teixeira, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Paula Cermeño, Juan Teixeira e Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González → **Deseño web:** Beatriz Barros → **Mercadotecnia:** Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movidá Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

@amovidavigo → amovida.gal

VIGO, CIDADE DE COR: ANA LANGEHELDT



Os usuarios do Auditorio Cívico de Teis teñen unha nova motivación para este curso. O culpable é o recente mural que engalana a entrada, obra da artista **ANA LANGEHELDT**, que o describe así: «Fala sobre a renovación, o feito de rexurdir e o mundo interior, mediante a simboloxía das rosas na tradición occidental. Dun xardín, onde hai unha casa moi pequeniña e illada, sae unha figura disparada como unha estrela fugaz ou un cometa cara a un destino

descoñecido». A artista, tamén coñecida como **Lahe178**, é pioneira e referente na arte urbana española desde o ano 2001. Nesta obra quixo xogar cunha lectura da obra un pouco diferente á habitual: «Quixen pintalo para unha lectura de dereita a esquerda, coma se dun conto se tratase, cun tratamento similar ao dunha ilustración literaria». Unha obra peculiar que xa forma parte da exposición de arte urbana da nosa cidade.

→ O mural sitúase na rúa dos Irmáns Misioneiros Enfermos Pobres, á altura do número 12.

MERCADO CERÁMICO EN TEIS.

O sábado 19, das 10:00 ás 20:00 horas, o Mercado de Teis acolle unha mostra de produtos en exposición e á venda, amenizada con actuacións musicais, charlas e talleres nunha iniciativa da organización do xa consolidado Mercado da Arte.

A SOLIDARIEDADE SANITARIA

volve percorrer as nosas rúas grazas á carreira Vigo Contra el Cáncer (domingo 20) e á Marcha Solidaria Fina Acuña (domingo 27). A recadación do primeiro evento está enfocada a combater o cancro de colo uterino a través do proxecto Galicérvix, namentres que a do segundo é para a asociación de persoas afectadas de cancro de mama e xinecolóxico ADICAM.

**TRAZO INDUSTRIAL**

por Davida

Cal foi a primeira empresa das nosas rúas centrada en construír buques de aceiro?



Un recoñecido estaleiro de historia centenaria baixo o nome dunha poderosa saga familiar galega de orixe catalá...



por Xurxo Martínez González

PLACERES CASTELLANOS

Ao bo de **Heracio** matáronnolo. Coma el, a tantas persoas. Agora lembro a **Víctor Fraiz Villanueva**, que foi mestre en Coia, o meu arrabalde natal. A súa historia é terrible. El escapa ao monte tras a derrota en Lavadores. Os feixistas tiñanlle ganas por ser comunista e dirixente sindical do ensino. Fanlle saber que matarán a cada un dos seus fillos se non se entrega. Deteñen a tres. Un deles, **Víctor Fraiz Castellanos**, foi detido na chegada a Vigo dende Madrid e fusilado no Alto da Concheira (Redondela) o 10 de novembro do 36. O pai entregouse. Pouco despois fusilárono no Castro. Parece impensable, mais aconteceu.

Na estación de Atocha, Víctor Fraiz fílllo deulle o derradeiro beixo á súa nai, **Placeres Castellanos**. Quen imaxina a dor desta muller? Ela acaroouse a **Castelao** e **Luis Soto** na Solidariedade Galega Antifeixista para a axuda ás familias exiliadas. Placeres, primeira muller militante do PSOE vigués, liscou a Francia. Durante a ocupación nazi integrouse na *Résistance*. Logo dedicou o seu músculo ao PCE e ao Bloque Republicán-Nazonal Galego, ao mando de **Enrique Lister** e **Manuel Portela Valladares**. A vida levouna á Arxentina. Volveu á terra en 1955 e morreu en Vigo en 1971. Deixounos textos escritos. Unha aproximación á súa vida téñena na biografía feita por **Elsa Quintas**. Hoxe, na Gran Vía, a efíxie de Placeres Castellanos ilumina a cidade canda os rostros de outras mulleres. Un mural atacado polos imbéciles. Cando escribo isto, aínda permanece o ataque. Debérase restaurar. Elas mereceno.

XOIERÍA SEN FRONTEIRAS

Os deseños de xoiería moderna de **RIGIDO** cobraron vida en 2020 coa premisa de dar pé a pezas sustentables e feitas á man. Apostando por unha completa produción local desde A Coruña, **Carla Barral** e **Xavier González** propoñen unha marca de longa duración grazas á calidade dos materiais, ao coidado na manufactura e á atemporalidade dos deseños. Cun tacto limpo baseado no minimalismo, os resultados son únicos e moi recoñecibles. É tan acertado o seu gusto que personalidades como **Jessica Goicoechea**, **Kylie Jenner** ou **Rels B** non dubidaron en asinar colaboracións con esta marca. Esta empresa defende valores como as diversidade racial e sexual, elaborando xoias sen xénero, sen prexuízos nin fronteiras.

Grazas ao uso de técnicas antigas de artesanía, Rígado acadou innovación e orixinalidade nos seus aneis e pendentes de prata bañada en ouro de 18 quilates, pezas de formas futuristas con xemas de cores que outorgan unha presenza que brilla con luz propia.



→ rigidojewelry.com → [@rigido.jewelry](https://www.instagram.com/rigido.jewelry)

SHOWCOOKING CHARLAS SOSTIBILIDADE SANTUARIOS E ONGs ZONA B2B FOOD TRUCKS OBRADOIROS LIBRARÍA ZONA INFAN



VEGANAGAL

FEIRA VEGANA E SOSTIBLE DE GALICIA

26 E 27 DE OUTUBRO
SÁBADO E DOMINGO - IFEVI

CONCELLO
DE VIGO



 VEGANA.GAL

 @FERIAVEGANA.GAL

 @VEGANA.GAL

CONSIGUE AS TÚAS ENTRADAS EN VEGANA.GAL



Galicia, punto vegano

A nosa cidade volve converterse en capital europea do animalismo e da sostibilidade coa celebración da feira Vegana.gal. Durante o sábado 26 e o domingo 27, uns oitenta expositores amosan produtos clásicos e innovadores, ideados para afrontar o trato que lles damos aos animais en todos os aspectos da vida.

Beflamboyant, ética para calzar

COA POTENCIA NATURAL e o nome da árbore máis colorida do mundo, unha parella de Pontevedra iniciou en 2019 un micromecenado para producir o primeiro calzado de pel vegana feito en Galicia. Aquel lanzamento inicial foi un éxito que lles permitiu coñecer o seu público e poñer en marcha a produción dun modelo de zapatillas elaboradas cun innovador material a base de materia orgánica vexetal. A día de hoxe o seu catálogo ampliouse a tres modelos de zapatillas, un de zapatos e un de botas e, tamén a través de micromecenado, acaban de lanzar unha nova liña de calzado *barefoot*, aquel que respecta ao máximo a pisada natural. Aparentan de estar feitos en pel animal, pero a realidade é que son de «pel vexetal», elaborada cunha base de millo, casca de piña, mazá e uva, e que supón arredor dun oitenta por cento menos de impacto ambiental. O material é impermeable, transpirable, moi duradeiro, e está tratado con tinguiduras, tamén de orixe vexetal, respectuosas coa nosa pel.



- Rúa do Pintor Luís Seoane, 1, baixo, dereita (Pontevedra)
- beflamboyant.com → [@beflamboyant.brand](https://www.instagram.com/beflamboyant.brand)

Sojalitas, ética para catar

A CARA MÁIS VISIBLE do veganismo é a comida, e a substitución das proteínas de orixe animal polas de orixe vexetal supón unha das principais barreiras para dar o paso. Coa idea de facilitar esta transición, en 2020 naceu en Toledo un produto elaborado unicamente con soia pensado para substituír a carne de polo: Sojalitas. Hai tres tamaños diferentes cos que se poden elaborar pratos moi diversos. Para os seus creadores, ten varias vantaxes respecto da proteína texturizada de soia ou dos chícharos que atopamos habitualmente nos supermercados. O primeiro é que non se utilizan alcois para extraer a graxa, polo que os únicos ingredientes que interveñen na produción son soia e auga. Con isto, o produto final é máis fibroso e non se esmigalla á hora de cociñalo. Acábase de lanzar ao mercado unha nova liña de aperitivos cuxa base son as propias Sojalitas, como as patatas fritas de bolsa, pero en versión saudable e proteica. Ademais, todos os produtos son aptos para celíacos.



- sojalitas.es → [@sojalitas.es](https://www.instagram.com/sojalitas.es)



Os templos da sétima arte

PARA OS QUE XA VAN PEITEANDO

canas é unha lembranza case esquecida e para os máis novos soa a ciencia ficción, pero houbo un tempo en que Vigo tiña salas de cine en case cada barrio, con nomes propios como Caramuxo, Disol, Goya, Palermo, Plata, Ronsel, Rosalía, Roxy, La Barxa, Maravillas, Mary, Niza ou Norte. Tan só no Calvario chegou a haber ata tres cinemas operativos ao mesmo tempo. A chegada da televisión en cor primeiro e as salas múltiples dos centros comerciais despois foron provocando que a maioría acabasen por baixar a reixa por última vez. Moitos daqueles templos da sétima arte foron ademais vítimas da picaña, polo que hoxe unicamente sobreviven na memoria e nas escasas fotografías que circulan pola rede ou que se manteñen en diferentes arquivos.

O primeiro local en acoller o pase dunha película en Vigo non foi un cine, senón un teatro; concretamente o Gran Teatro Circo Tamberlick, situado na actual rúa de Eduardo Iglesias, onde un grupo de cinéfilos portugueses programaron o 29 de abril de 1897 unha serie de curtametraxes francesas. Nos seguintes anos, segundo nos conta o arquitecto **José Antonio Martín Curty**, autor do libro *Cines de Vigo*, era habitual que na alameda da praza de Compostela se colocasen pequenas carpas, similares ás dos circos, onde se proxectaban curtametraxes. Algunhas eran simplemente proxeccións de pasaxes en tren e, para darlles máis vida a estas viaxes

ilusorias, os traballadores do cinema ambulante vestíanse de ferroviarios. O cine sonoro chegaría o 14 de marzo de 1930, novamente ao Teatro Circo Tamberlick, coa longametraxe *The Singing Fool* (Lloyd Bacon, 1928). En 1916 inaugurouse na rúa de Velázquez Moreno o Cinema Royalty (logo chamado Cinema Vigo, debido á alerxia das autoridades franquistas aos estranxeirismos), que foi o primeiro espazo da historia viguesa en exercer unicamente como sala de cine ata que foi demolido en 1963. Seis anos despois, tras catro anos de inactividade, o seu veciño o Cine Odeón correría a mesma sorte tras medio século de actividade inaugurada en 1917. Non é casualidade que ambos atentados patrimoniais se enmarquen en pleno *desarrollismo* e durante o mandato do alcalde franquista **Rafael Portanet**. Ambas construcións están asinadas polo arquitecto **Álvarez Reyero**, malia que popularmente se adoita pensar que o responsable foi o célebre **Michel Pacewicz**, debido á semellanza de estilo co resto da súa obra.

Estas son algunhas das moitas anécdotas cinéfilas que se atopan nas rúas de Vigo. Unha cidade que, sen ser de referencia neste eido, ten moito que contar ao respecto.

Escanea o código QR para acceder á reportaxe completa en amovida.gal







LOCAIS RECOMENDADOS



CAFÉS



COMERCIO



CONCERTOS



COPAS



ESPECTÁCULOS



FORMACIÓN



GASTRO





- 1 **A MORADA** *Enrique Maças, 6*
- 2 **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
- 3 **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
- 4 **CAIXA DE RITMOS** *Canellón dos Caños, 9*
- 5 **CAÑAVERAL** *Porta do Sol, 6*
- 6 **CIUDAD AVENTURA** *Teixugueiras, 19, interior*
- 7 **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
- 8 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 9 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
- 10 **GALERÍA MARACA** *Doutor Cadaval, 12*
- 11 **KENGURU** *Avenida do Rebullón, 22 - Mos*
- 12 **KIDS & US** *Xirona, 8 e Urzaiz, 108*
- 13 **LACONTENEDORA** *Eduardo Iglesias, 11*
- 14 **LA TITA RIVERA** *Praza de Compostela, 17*
- 15 **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Carral, 15*
- 16 **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
- 17 **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
- 18 **MAPIS** *Pizarro, 47*
- 19 **MOLOTOV** *Santiago de Vigo, 1*
- 20 **MORRIÑA SHOP** *Praza da Pedra, 5*
- 21 **O LAR DAS ARTES** *Ribelas, 60*
- 22 **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
- 23 **PURO DELIRIO** *Teófilo Llorente, 43*
- 24 **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
- 25 **REBULLÓN, SALA** *Avenida do Rebullón, 23 - Mos*
- 26 **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
- 27 **SARAGARCÍA PELUQART** *Couto Piñeiro, 2*
- 28 **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
- 29 **TEATRO ENSALLE** *Chile, 15*
- 30 **THE MONK PUB** *Serafín Avendaño, 12*
- 31 **TU CENTRO RAÍCES** *Tomás A. Alonso, 162, 2º of. 7*
- 32 **VAIDHĚ** *Carral, 7*
- 33 **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
- 34 **WOODTOWN** *Camelias, 20*



→ Para máis info sobre os locais recomendados visita amovida.gal/locais-recomendados

Al Wahab

Cociña sirio-libanesa no centro da cidade

A COCIÑA DO ORIENTE MEDIO conta cun novo estandarte na nosa cidade: **AL WAHAB**, un restaurante fiel ás receitas tradicionais de Siria e do Líbano que conta cun bufete diario moi económico. O primeiro establecemento de Al Wahab inaugurouse na Coruña hai xustamente dous anos con tal éxito que a súa dona se decidiu a abrir unha sucursal no centro de Vigo.



«As dúas tradicións culinarias nacen en Damasco e son practicamente a mesma», explica **Leyla**, xerente e cociñeira do local, que procede de familia libanesa e pasou a infancia e a adolescencia entre Siria e Venezuela. Foi entre a cociña materna e os restaurantes de Damasco onde descubriu que quería ser cociñeira. «Miña nai era unha cociñeira excelente, e aquí sirvo algunhas das súas receitas». Unha desas preparacións familiares é a masa que serve como base para o *kibbe*, un prato que consiste nunha especie de croquetas de extremos bicudos cheas de carne especiada.

Entre os entrantes tamén atopamos os untables, nos que o hummus comparte protagonismo co Babaganuche, un paté de berenxenas asadas ao lume con pasta de sésamo, iogur e limón; e tamén está a crema de pemento asado, noces e

mel que recibe o nome de *muhammara*. Todos eles sêrvense na compañía das tortas de pan que a xerente do local elabora artesanalmente, tanto á maneira tradicional como sen glute. No apartado dos pratos principais destacan os espetos (de cordeiro, polo ou tenreira), con gornición de patacas fritidas e ensalada. Tamén se serven varios tipos de *shawarma*, en forma de rolo de carne ou faláfel con vexetais. O prato máis sobranceiro da carta é unha receita procedente de Alepo: o *kebab karaz*, albóndegas de tenreira guisadas en salsa caseira de cereixas, acompañadas de rolos crocantes de masa follada e arroz con fideos e améndoas salteados en manteiga; unha preparación moi orixinal que fará as delicias de quen goce coas combinacións de doce e salgado.

As racións son abundantes, pero deixar sitio para a sobremesa e máis que recomendable, pois o *baklawa* e o *knafé*, uns doces caseiros de masa fina e crocante cheos respectivamente de pistacho e queixo e cubertos de almibre son o colofón perfecto para rematar de catar cun té especiado este fastoso menú árabe.



→ Rúa do Porto, 7

→ alwahabvigo.eatbu.com → [@alwahabvigo](https://www.instagram.com/alwahabvigo)



Recuérdame, musical tributo a Coco

MIGUEL RIVERA, un neno dunha vila de México, soña con ser un músico famoso coma o seu ídolo: o finado cantante Ernesto de la Cruz. Porén, a familia de Miguel ten unha fonda aversión pola música. O único familiar que comparte a querenza pola música co neno é a súa bisavoa: Mamá Coco. Para poder participar nun concurso de música, Miguel adéntrase no mausoleo do seu ídolo co fin de tomar a guitarra coa que foi enterrado, pero cando a chega a tocar é transportado ao mundo dos mortos. Este musical homenaxea o filme de animación *Coco* (Lee Unkrich e Adrián Molina, 2017) coas súas cancións e rende tributo á colorista celebración mexicana do Día dos Mortos.



→ Domingo 20 ás 12:30 h → Auditorio Mar de Vigo
→ Desde 17,75 €

Chicago Life

CHICAGO, ANOS VINTE. O club The Magic Dwarf prepárase para acoller a emisión en directo do programa radiofónico do momento: «A Cidade das Estrelas». O célebre locutor Tony Zuko retransmitirá en directo este programa en que participarán todos os artistas do local que o abrangue. Un espectáculo de guiño orixinal que conecta co público a través das trepidantes coreografías e voces en directo que entoa grandes cancións de obras cinematográficas como *La La Land* (Damien Chazelle, 1916), *Chicago* (Rob Marshall, 2002), *Burlesque* (Steve Antin, 2010) ou *Cabaret* (Bob Fosse, 1972).



→ Domingo 20 ás 20:00 h → Auditorio Mar de Vigo
→ Desde 22,00 €





SOBRE OS AVÓS ETERNOS

En clave de *road movie* fermosamente realista, **Iria Collazo** propón como contar a vellez desde un punto de vista activo, e tamén como recordamos os nosos avós. Unha escapada literaria que nos leva a acompañar a Antón e Celeste por lugares como Ribadavia ou Allariz, unha viaxe emocional que reflexiona sobre o paso do tempo, pero que ademais permite esmendrellarse de risa. *Os mortos que ameí* vén sendo unha reivindicación desas persoas maiores que collen a vida polos cornos e que a fan súa. Vívana.

→ *Os mortos que ameí* → Iria Collazo → Galaxia → 172 páxinas



A PERDA DA INOCENCIA

Hai cousas das que non se fala, e quizais por iso pensamos que non existen. A protagonista de *Memoria de rapaza* é unha muller falando cunha moza de 18 anos, ela mesma, cando empezou a descubrir a vida e se cegou coa luz da liberdade. Sobreprotexida polos pais, empezou a medrar naquel verán de 1958 cando foi monitora dun grupo de rapaces e abriuse ao amor e ao sexo. Pero non se trata dunha historia idílica. **Annie Ernaux** indaga nese pasado de seu, fai por reconstruílo a través desa memoria que, ás veces, é traizoeira.

→ *Memoria de rapaza* → Annie Ernaux → Moisés Barcia (tradución) → Rinoceronte → 136 páxinas



LEMBRANZAS DE ALDEA

Nun exercicio de memoria, **Lupe Gómez** recolle a voz da xente na súa parroquia natal, Fisteus (Curtis), especialmente a das mulleres, e escríbea como legado. Neste *Herbario da noite pecha* aparece o mestre Ramón, ese que non se riu dela por falar na nosa lingua, que lle permitiu amar o coñecemento. Despois figura María do Castrelo, a curandeira que tiña remedios para todos agás para si mesma. No medio temos á autora como muller doutro tempo, pero que se confesa debedora daquela sabedoría.

→ *Herbario da noite pecha* → Lupe Gómez → Elvira → 128 páxinas



#PuroDeleite



FESTA DE INICIO DO CURSO



A nova escola de danza liderada polos artífices de Swing On arranca o curso cunha festa chea de música e moito baile.

→ Venres 4, ás 21:30 h → Sala Kominsky
→ Gratis

COSTEIRA SONORA



Club del Río, Joe Crepúsculo, Lontreira, Malamute e Terrae actúan nun festival combinado cunha paisaxe de vides e unha fina maridaxe entre música e viño.

→ Sábado 5 → Pazo de Toubes → 50,00 €

CICLO FEGATEA TEATRO



A Federación Galega de Teatro Amador organiza un ciclo de cinco de sesións dominicais.

→ Domingos 6, 13, 20 e 27, ás 19:30 h
→ Sala Rebullón → Gratis

GROLO E FOLIADA



Concerto en acústico de Grolo, a agrupación folclórica formada por Antón Lago, Iago Ramilo e María Rico, que desemboca nunha foliada aberta a todo o mundo.

→ Xoves 10 e 24, ás 22:00 h → The Monk Pub
→ Caixa inversa

Gael de Papel



Presentación de *Anormalis*, o primeiro disco de Gael de Papel.

→ Venres 11, ás 20:00 h → A Morada
→ Caixa inversa

TALLER DE MASAXE CALIFORNIANA



Este obradoiro serve como presentación do curso impartido por Marta, do centro de masaxes Moana (@moanaterapias).

→ Sábado 19, de 10:00 h a 20:00 h
→ Centro Raíces

PRESENTACIÓN: 'TODO LO QUE HAY DETRÁS QUE NO SE VE'



Tras nove meses de xestación, desde un punto crítico e sen perder o humor, @sal-seologia presenta «un ensaio sobre o que ocultan as redes sociais e os influencers».

→ Venres 25 → Galería Maraca → Gratis

EXPOSICIÓN: 'TAN CERCA, TAN LEJOS'



Inauguración da nova mostra de arte téxtil de Gabriela Ladrero Martín, a canaria de berce e galega de adopción que nos deleita tecendo historias.

→ Xoves 31, ás 19:00 h → A Morada → Gratis

axenda a Movidiaña

VIALIA

O centro comercial dispón de actividades para pequerrechos na zona *Vigo Exporta*.

- * Martes 1. «Descubrinto a lúa» (17:30 h).
- * Martes 8. «Xogos de mesa» (17:30 h).
- * Sábado 12. «Superthings» (17:30 h).
- * Martes 15. «Figuriñas de cortiza» (17:30 h).
- * Martes 22. «Contos de Halloween» (17:30 h).
- * Martes 29. «Cabaza + pintacaras» (17:30 h).
- * Mércores 30. «Pintacaras + photocall terrorífico» (17:30 h).
- * Xoves 31. «Pintacaras + photocall terrorífico» (17:30 h).

KENGURU

Actividades para meniños, proxenitores ou mesmo mulleres embarazadas todas as fins de semana do mes no veciño concello de Mos. Pódese consultar o calendario coa programación completa en kenguru.es.

A HORA DOS CONTOS

O proxecto de animación á lectura da biblioteca do Calvario convértese desta volta no recanto dos contos de *Caxoto*.

- Venres 11, ás 18:00 h → Biblioteca Xosé Neira Vilas
- Gratis → A partir dos 3 anos.

RECUÉRDAME

Musical que rende tributo ao filme de animación *Coco* e, en xeral, á celebración mexicana do Día dos Mortos. Viva México!

- Domingo 20, ás 12:30 h → Auditorio Mar de Vigo
- Desde 16,00 €.

OS CONTOS DO LOBICÁN

Unha historia en verso, áxil e atrevida, que busca darlle a volta aos contos clásicos ao tempo que transmite unha mensaxe educativa de valores universais como a amizade, a cooperación, a importancia da imaxinación, o pensamento crítico e o respecto pola natureza.

- Domingo 20, ás 18:00 h → Auditorio Municipal de Vigo
- 5,00 € → De 3 a 8 anos.



CABALIÑO HOP

Contacontos para que os máis pequerrechos da casa monten nun carrusel máxico que os leve a un mundo de soños.

- Xoves 24, ás 18:00 h → Biblioteca Juan Compañel
- Gratis → De 0 a 3 anos.

THE COLORFUL NEIGHBOURHOOD

Contacontos en inglés que se acompaña dunha pequena actividade para traballar os valores e as emocións que representan o conto contado.

- Sábado 26, ás 12:00 h → Biblioteca Xosé Neira Vilas
- Gratis → A partir dos 4 anos.



CAMINO AL ZOO

VENRES 11

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

Ana Labordeta, Dani Muriel e Fernando Tejero protagonizan un espectáculo que combina a clásica obra *The Zoo Story* coa súa máis recente precuela, *Homelife*.

→ 20:00 h → Desde 10,00€



Sergio Dalma

ORQUESTRA CLÁSICA

VENRES 11

TEATRO GARCÍA BARBÓN

O cuadraxésimo aniversario da orquestra decana de Galicia abrangue un concerto coas bandas sonoras das dúas sagas iniciadas con *Batman* e *Batman empeza*.

→ 20:30 h → Desde 6,00 €



PAELLA

SÁBADO 19 E DOMINGO 20 SALA ÁRTIKA

Tarambana Espectáculos presenta unha peza en clave de humor na que se tratan temas como a igualdade de xénero e conflitos laborais, persoais e mesmo existenciais.

→ 20:00 h → Desde 11,00 €



SERGIO DALMA

SÁBADO 26

AUDITORIO MAR DE VIGO

O cantante da voz rota volve para presentar o seu vixésimo segundo álbum, *Sonríe porque estás en la foto*, co que celebra con alegría e vitalidade unha carreira de máis de tres décadas sobre os escenarios.

→ 21:00 h → Desde 48,00 €



FESTIVAL KEROUAC

XOVES 25 A SÁBADO 26 VARIAS LOCALIZACIÓNS

A décimo cuarta edición do festival de poesía e *performance* recibe os recitais de poetas como Ana María Caballero, Lisa Scarpa ou María Xosé Queizán.

→ Varios → Gratis

ORQUESTRA VIGO 430

SÁBADO 26 E DOMINGO 27 A SEDE RC CELTA

Un dobre concerto de cámara para despedir a temporada «Orixes»: o primeiro está a cargo da violonchelista LiLa e o segundo da violinista Nadia Kalmykova.

→ 20:00 h e 12:00 h → 5,00 €

NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
MOITOS EVENTOS EN VIGO.



O LAR DAS ARTES

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

Venres 4, 11, 18 e 25 → 21:30 h → Gratis → **Ousmame**Domingo 6 → 12:30 h → Gratis → **Llorente & Tribu**Domingo 13 → 12:30 h → Gratis → **Natary Feel e Rober Carcos**Domingo 20 → 12:30 h → Gratis → Festa de aniversario: **Dani Hare**Domingo 27 → 12:30 h → Gratis → **Broken Toys**

REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

Venres 4 → 22:00 h → Gratis → **Bairro Norte**Sábado 5 → 18:00 h → 5,00 € / 8,00 € → **Peter Petrowski**Sábado 12 → 22:00 h → 13,00 € / 16,00 € → **Matt Pascale & The Stomps**Venres 18 → 22:00 h → 11,00 € / 15,00 € → **Cosmic Wacho + Michu da Rocha**Sábado 19 → 19:00 h → Gratis → X aniversario de **Fillos d'Pille**, con **Xarabal, Airiños do Castelo e Lembranzas Galegas**Venres 25 e sábado 26 → **Autum Alive Fest: Sinistro, Hour-Glass, Unchosen Ones, e Kratos; Totengott, Elizabeltz, Godark e Sulf-atÄR**Mércores 30 → 21:00 h → Caixa inversa → **Sangre de Muérdago**

NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
 PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
 MOITOS CONCERTOS EN VIGO.

SERPE E MOLOCH



Serpe



Moloch

Venres 4 → 21:00 h → 10,00 €
Pub Transylvania

Dúas das bandas máis prometedoras da escena galega actual da música rock comparten escenario por vez primeira; trátase do grupo alternativo **Serpe** e da banda progresiva **Moloch**.



BOCETO URBANO, “EDIFICIO EL MODERNO”



MANON FUNES HURLÉ

[@manonasecas](https://www.instagram.com/manonasecas)

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en [amovida.gal/as-tuas-movidas](https://www.amovida.gal/as-tuas-movidas)

¡FELIZ HALLOWEEN!



22 DE OCTUBRE

CUENTOS DE HALLOWEEN

TALLER INFANTIL
17:30h - 19:30h

29 DE OCTUBRE

CALABAZA

TALLER INFANTIL 17:30h - 19:30h

PINTACARAS

ACTIVIDAD FAMILIAR 17:30h - 19:30h

30 DE OCTUBRE

PINTACARAS

ACTIVIDAD FAMILIAR
17:30h - 19:30h

PHOTOCALL TERRORÍFICO

ACTIVIDAD FAMILIAR
17:30h - 20:00h

31 DE OCTUBRE

PINTACARAS

ACTIVIDAD FAMILIAR
17:30h - 19:30h

PHOTOCALL TERRORÍFICO

ACTIVIDAD FAMILIAR
17:30h - 20:00h